

Concello de San Sadurniño

Expediente núm.: 26/2022

Acta de Constitución do Tribunal Calificador e desenvolvemento dos exercicios

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 18/01/2022

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO OBRIGATORIO DA ENTREVISTA

Reunidos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, o 12 de decembro de 2022, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para realizar e valorar a proba obrigatoria de entrevista de avaliación dentro do proceso selectivo dos aspirantes a prover a praza de Traballador ou Traballadora Social, vacante no persoal municipal deste Concello, son:

Cargo	Identidade
Presidente	Mario Antonio Lado Campelo (que actúa por aplicación do artigo 19.2 da Lei 40/2015, ao non ser posible a personación do presidente nin do seu substituto)
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martínez
Vogal	Ignacio Crespo López
Vogal	Yolanda Martínez García

Constituído o Tribunal calificador e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas, acórdase proceder á realización do último exercicio consistente na realización dunha proba oral na que se realizarán preguntas para avaliar a capacidade competencial das persoas candidatas, ao abeiro dos artigos 61.5 da RDL 5/2015 e 55.3 da Lei 2/2015. A duración aproximada é de 30 minutos por candidato.

Comunicándose por dous candidatos a súa convocatoria para probas selectivas noutro Concello a considerable distancia, establécese polo Tribunal o seu chamamento en primeiro e segundo lugar para proceder a continuación co resto dos candidatos.

Polo Tribunal establécense unha serie de cuestións previas a preguntar e un baremo unitario de valoración como guía de puntuación de carácter auxiliar.

A continuación, realízase o chamamento coa seguinte orde e hora de comezo, realizándose gravacións da actuación de cada aspirante, de conformidade co sinalado nas bases reguladoras:

- Lorena Bouza Piñón, ás 09:20 horas
- Oscar José Rodríguez López, ás 10:25 horas
- Natalia Doval Álvarez, ás 11:40 horas
- David Saavedra Pino, ás 12:20 horas

Concello de San Sadurniño

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

Concello de San Sadurniño

- Lucía Seco Seco, ás 13:20 horas

Por motivo de cita médica, ás 13:18 horas auséntase dona Yolanda Martínez García, vocal, manténdose non obstante o quorum do tribunal, que realiza a última entrevista con tres dos seus membros (maioría) entre os que se atopan a presidencia e a secretaria.

A cualificación do exercicio é a seguinte:

Identidade do aspirante	Efectividade	Orientación ao servizo á cidadanía	Aprendizaxe permanente	Toma de decisións	Traballo en equipo	Visión global	TOTAL
Bouza Piñón, Lorena	1,50	1,50	1,00	1,50	1,50	1,50	8,5
Rodríguez López, Oscar José	1,00	1,00	1,00	1,00	1,00	1,50	6,5
Doval Álvarez, Natalia	1,50	1,50	1,50	1,50	1,50	1,50	9,00
Saavedra Pino, David	1,00	1,50	1,00	1,00	1,00	1,50	7,00
Seco Seco, Lucía	1,00	1,00	1,00	1,00	1,50	1,50	7,00

Concluída a avaliación do exercicio, o Tribunal acorda a publicación da presente e o outorgamento de tres días hábiles para posibles alegacións a contar dende a inserción da mesma no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina de transparencia municipal.

Finalizado dito prazo e, no seu caso, resultas as alegacións que poidan presentarse, se baremará polo Tribunal os méritos e experiencia dos aspirantes aprobados.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 14:00 horas.

O Presidente,
Mario Antonio Lado Campelo

A Secretaria,
Olalla Alvarez de Neyra Martinez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de San Sadurniño

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIO ANTONIO LADO CAMPELO, NIF ***4945**, 13/12/2022 11:25:15.

CSV: 9FA4-5980-43FE-9567